

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026455	IES Terra de Trasancos	Narón	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia do mundo contemporáneo	1º Bac.	4	140

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	30

1. Introducción

A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia contemporánea, orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social. O pensamento histórico, con estratexias e métodos que orientan o estudo do pasado, ponse ao servizo da comprensión do presente para afrontar así os retos que nos formula o século XXI. Porque é desde a observación do mundo actual de onde xorde a necesidade de dirixir a nosa mirada á historia, máis ou menos recente, para obter as claves, coas que entender e mellorar o mundo no que vivimos.

Os problemas e retos que nos formula a realidade globalizada que configura a nosa contorna son múltiples e ineludibles, e non é posible atendelos sen os recursos que nos ofrece a historia contemporánea, que desde hai algo máis de dous séculos trata de lle dar resposta a boa parte destes mesmos desafíos. A materia proporciona ao alumnado experiencias acumuladas polas xeracións que nos precederon, no que xunto aos grandes logros, tamén cabe atopar erros, fracasos e feitos dolorosos que é preciso afrontar para aprender a evitar situacións semellantes.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga ao alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

O alumnado debe adquirir o exercicio do pensamento crítico, fundamentado e razoado, do mesmo xeito que a transferencia de información e do coñecemento elaborado, que ademais de supoñer o uso avanzado de medios dixitais implica tamén o desenvolvemento de estratexias comunicativas eficaces.

Trátanse na materia de Historia do Mundo Contemporáneo os temas e acontecementos fundamentais que marcaron o transcurso da historia contemporánea ata o mundo actual, así como os retos que é necesario afrontar no presente para encarar o século XXI.

Precisamente os retos do mundo actual incide na necesidade de ver a historia como un instrumento non só para a análise do presente, senón tamén para a adopción de compromisos ante os retos do século XXI.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais.	2	1	2		11	1-2-3	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos da Idade Contemporánea, a través do emprego de fontes históricas fiables, a lectura de textos historiográficos e a elaboración de argumentos propios que preveñan a manipulación da información, para afrontar acontecementos traumáticos do noso pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes, recoñecer as vítimas e defender a aplicación do principio de xustiza universal.	1-5	1			11-31-40	1-2-3		
OBX3 - Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas.	3		1	5	12-31-40	2-3		
OBX4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron.	3-5				12-31	2-3		1-2
OBX5 - Identificar e recoñecer os principais retos do século XXI a través de procesos avanzados de procura, selección e tratamento da información, o contraste e a lectura crítica de fontes, para entender o fenómeno histórico da globalización, a súa repercusión no ámbito local e planetario e na vida cotiá das persoas, e mostrar a necesidade de adoptar compromisos ecosociais para afrontar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	3		5	1	20-40	3-4	1	
OBX6 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais no mundo contemporáneo, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, para tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia, e adoptar un compromiso activo coa sostibilidade, a defensa dos dereitos sociais e o acceso universal a recursos básicos.			4-5		20-50	3-4	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	3-5			3	12-31-40	2-3		
OBX8 - Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia dos personaxes anónimos da historia.	5		3	2	12-31-40	2-3		

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A ilustración e os grandes cambios económicos.	Nesta unidade explicarase a importancia das ideas da Ilustración que levaron á Revolución agrícola e o crecemento demográfico. Analizarase a importancia dunha nova fonte de enerxía como o vapor. Abordaranse as novas industrias e explicarase novas correntes como o Liberalismo económico e o capitalismo. Arquitectura e escultura na segunda metade do século XIX.	5	11	X		
2	As Revolucións Americana e Francesa. O Imperio Napoleónico.	Abordarase a crise do Antigo Réxime e os inicios do parlamentarismo con exemplos en Inglaterra e Estados Unidos. O inicio da contemporaneidade a través do estudo da Revolución francesa e o Imperio. Arte Rococó e arte neoclásico.	9	11	X		
3	Os novos movementos sociais	Nesta unidade analizaremos a nova sociedade industrial. O crecemento das cidades, consecuencia da nova era industrial. Valoraremos o papel da muller dentro da sociedade traballadora do século XIX. Abordaremos as primeiras organizacións obreiras coas súas propostas revolucionarias. A consolidación dos partidos e sindicatos e explicaremos o	7	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Os novos movementos sociais	primeiro feminismo e o proceso de conquista do dereito ao voto.	7	10	X		
4	O Imperialismo e o nacemento dos Imperios coloniais	Nesta unidade seguiremos analizando o crecemento industrial e o desenvolvemento urbano causa e consecuencia da segunda revolución industrial. Falaremos das causas do Imperialismo e das súas consecuencias territoriais. Analizaremos os cambios producidos entre 1870 e 1914. A pintura na segunda metade do século XIX.	5	10	X		
5	As grandes potencias e os seus cambios antes da I Guerra Mundial	Nesta unidade falaremos dos ciclos revolucionarios de 1830 e 1848. Das unificacións de Italia e de Alemaña e o surximento dos novos estados liberais. Analizaremos os vellos imperios: ruso, austro-húngaro e otomano e finalizaremos falando de dous estados extraeuropeos: os EUA e Xapón. Para finalizar abordaremos o estilo artístico do Romanticismo.	7	11		X	
6	A Gran Guerra e a Revolución Rusa.	Nesta unidade abordaremos e analizaremos as causas da Primeira Guerra Mundial e o seu desenvolvemento. Estudiaremos a Rusia tsarista e explicaremos as revolucións rusas de 1917, pasando pola guerra civil hasta chegar á creación da URSS. Finalizaremos analizando as consecuencias da Primeira Guerra Mundial. As vanguardias artísticas na primeira metade do século XX.	9	11		X	
7	O Mundo de entreguerras e a crise económica de 1929	Nesta unidade falaremos dos felices anos vinte. Empezaremos abordando os duros anos de posguerra, pasando do pesimismo á esperanza. Analizaremos a irrupción da sociedade de masas e a realidade final da crise de 1929 coas súas consecuencias explicando a Gran Depresión e unha posible solución a través do New Deal. A arquitectura e a escultura na primeira metade do século XX.	7	8		X	
8	O auge dos totalitarismos. Alemaña e Italia.	Nesta unidade analizaremos os ascenso dos totalitarismos e o retroceso das democracias en Europa. Estudiaremos a Stalin e o totalitarismo soviético, ao fascismo italiano e o proceso de nazificación de Alemaña. Facendo unha mención á Guerra Civil Española, a súa internacionalización e o exilio republicano español.	8	8		X	
9	A Segunda Guerra Mundial	Nesta unidade desenvolveremos e analizaremos as causas da guerra. A ofensiva nazi e o dominio europeo nazi. Abordaremos o avance e a vitoria dos aliados para finalizar co análise das consecuencias da guerra. Arquitectura e	7	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	A Segunda Guerra Mundial	escultura na segunda metade do século XX.	7	8			X
10	O Mundo Bipolar. A Guerra Fría	Nesta unidade explicaremos o concepto de Guerra Fría e os seus inicios. Analizaremos a incursión dun novo protagonista como China. Coñeceremos as numerosas guerras durante a Guerra Fría. Analizaremos a polarización entre sociedades capitalistas e sociedades comunistas. Abordaremos o auge e a crise da Guerra Fría e finalmente a caída do bloque soviético e a fin da Guerra Fría. A pintura na segunda metade do século XX.	10	10			X
11	Descolonización e neocolonialismo	Nesta unidade explicaremos as causas da descolonización. Desenvolveremos as primeiras independencias en Asia. Analizaremos a Conferencia de Bandung e que significa o non aliñamento. Abordaremos a descolonización de África. Finalizaremos analizando en conxunto a Independencia e as súas consecuencias plasmadas no neocolonialismo. Manifestacións artísticas da segunda metade do século XX.	6	11			X
12	Xeopolítica no mundo	Nesta unidade analizaremos aos Estados Unidos, como primeira potencia mundial. Abordaremos o seu cuestionamento ante China, como novo líder mundial. Estudiaremos a Rusia analizando os conflitos post-soviéticos. Falaremos da zona Indo-Pacífico e explicaremos o concepto de xeopolítica para o desenvolvemento a través de dous exemplos como América e África.	10	10			X
13	Os retos do mundo actual	Nesta unidade explicaremos o ecosistema tecnolóxico, a través da análise dun novo contexto socioeconómico. Explicaremos o concepto de A aldea global. Analizaremos a Axenda 2030. Falaremos do Posmodernismo e das ideoloxías alternativas e para finalizar abordaremos a inestable situación do planeta. Arte e as novas tecnoloxías.	5	10			X
14	A construción da Unión Europea	Nesta unidade analizaremos os antecedentes do proxecto europeo, todo o proceso de construción da Unión Europea, o seu funcionamento. Estudiaremos os desafíos globais aos que se enfrenta a Unión Europea.	5	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A ilustración e os grandes cambios económicos.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	É capaz de analizar e entender as condicións de vida na nova sociedade industrial, a súa conflitividade en relación coas teorías económicas e co mundo da organización industrial.	PE	80
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre os ciclos económicos e a súa relación social, política e ambiental. Sabe diferenciar entre o liberalismo económico e o capitalismo.		
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	É capaz de realizar proxectos de investigación sobre a evolución da poboación, entende os diferentes ciclos demográficos e exerce empatía hacia os grupos marxidados dunha sociedade.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. - Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxidados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea. - Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

UD	Título da UD	Duración
2	As Revolucións Americana e Francesa. O Imperio Napoleónico.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente demostrando que sabe identificar o proceso de cambio e revolución representado polas revolución americana e francesa, así como a importancia do modelo parlamentario británico.	PE	80
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de comprender e explicar as diferentes etapas das Revolucións americana e francesa, cos seus correspondientes protagonistas.		
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	É capaz de entender por que a Revolución americana e francesa son fundamentais no inicio da era contemporánea, coñecendo os seus feitos máis significativos. Distingue e entende os inicios do parlamentarismo.	TI	20
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de traballar con diferentes documentos e fontes históricas e de producir traballos de investigación histórica sobre a caída do Antigo réxime e o advenimiento dos ciclos revolucionarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado. - A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción. - A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios.

UD	Título da UD	Duración
3	Os novos movementos sociais	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de traballar con documentos históricos empregando conceptos e distintos métodos sobre a evolución das organizacións obreiras e do feminismo, as propostas revolucionarias e a súa consolidación.	PE	70
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de entender e valorar os principais proxectos sociais, políticos e culturais como novos movementos sociais implicados na defensa dos dereitos sociais.		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre os novos movementos sociais, dende o luddismo, cartismo, socialismo utópico e, especialmente, anarquismo e marxismo.	TI	30
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	É capaz de realizar con rigor histórico traballos de investigación sobre as condicións de vida e traballo da muller, a conquista do dereito a voto.		
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	É capaz de realizar con rigor histórico traballos de investigación sobre a consecución de melloras nas condicións de vida e traballo da clase traballadora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas. - Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Movements sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas. - A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida.

UD	Título da UD	Duración
4	O Imperialismo e o nacemento dos Imperios coloniais	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	A través dunha proba escrita avaliar e clasificar as causas do imperialismo e as formas de dominación colonial.	PE	60
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de distinguir e diferenciar a través de distintas fontes que impacto ten o colonialismo do século XIX na actualidade. É capaz de debater sobre África onte e hoxe.	TI	40
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de distinguir e diferenciar a través de distintas fontes que impacto ten o colonialismo do século XIX na actualidade. É capaz de debater sobre África onte e hoxe.		
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	É capaz de comparar e contrastar a través de proxectos de investigación o crecemento demográfico e o desenvolvemento urbano.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. - Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxidados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea. - O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral. - Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado. - Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
5	As grandes potencias e os seus cambios antes da I Guerra Mundial	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre o ciclo revolucionario do XIX, sobre as unificacións italiana e alemana e coñece os vellos imperios ruso, austro-húngaro e otomano, así como os emerxentes de EEUU e Xapón.	PE	60
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	É capaz de definir e interpretar por medio de producións históricas propias, documentos históricos alleos como se produciu o avance desde o liberalismo cara á democracia. Revolucións do XIX e sistemas Bismarckianos.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción. - O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea. - As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.

UD	Título da UD	Duración
6	A Gran Guerra e a Revolución Rusa.	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Contesta a unha proba escrita cun nivel adecuado e satisfactorio sobre as causas e consecuencias da I Guerra Mundial, así	PE	60
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Distingue os sistemas políticos democráticos e autoritarios de comezos século XX e coñece a evolución da Revolución Rusa, dende a autocracia Zarista ata o Stalinismo.		
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de distinguir e analizar as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais a través do análise de producións históricas e tratamento de fontes historiográficas.	TI	40
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Identifica o exercicio dos valores cívicos e a participación cidadá. Analiza o nacemento dos réximes democráticos e totalitarios no século XX, a través de diferentes documentos históricos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición. - Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea.

Contidos
- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.

UD	Título da UD	Duración
7	O Mundo de entreguerras e a crise económica de 1929	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	É capaz de analizar fontes historiográficas diversas que foron realmente os felices anos vinte, e a Gran Depresión, causas e consecuencias.	PE	80
CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	É capaz de responder satisfactoriamente á unha proba escrita sobre a situación do mundo despois da primeira guerra mundial: a crise do 29.		
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Analiza diferentes ritmos e modelos de crecemento, e ritmos e modelos de crise, sobre a gran depresión e a solución transitoria do New Deal.		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Interpreta mediante unha análise crítica de textos históricos e fontes diversas e actuais a irrupción da sociedade de masas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Movements sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.

UD	Título da UD	Duración
8	O auxe dos totalitarismos. Alemania e Italia.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	É capaz de responder a valorar de modo satisfactorio e suficiente sobre o retroceso das democracias en Europa e o auxe dos totalitarismos.	PE	60
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Recoñece as características o totalitarismo socialista, o fascismo e o nazismo		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Interpreta por medio dun informe crítico a represión e terror baixo os totalitarismos.	TI	40
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Debate sobre a intolerancia e tolerancia na historia do mundo contemporáneo a través de testemuñas de minorías perseguidas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática. - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial. - Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
9	A Segunda Guerra Mundial	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	É capaz de valorar por medio dunha proba escrita de modo satisfactorio e suficiente as causas e consecuencias da segunda guerra mundial.	PE	60
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Describe axeitadamente as principais características do holocausto xudeu.		
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Recoñece por medio de diferentes fontes históricas como a barbarie e a destrución abriron as portas aos dereitos humanos.	TI	40
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Explica e interpreta grazas a diferentes fontes principalmente históricas quen son as principais vítimas da guerra: a poboación civil.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición. - Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea. - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.

UD	Título da UD	Duración
10	O Mundo Bipolar. A Guerra Fría	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	É capaz de responder a unha proba escrita de modo satisfactorio e suficiente sobre os inicios e desenvolvemento da guerra fría.	PE	60
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Distingue e diferencia a través de diferentes fontes históricas as características das sociedades capitalistas e das sociedades socialistas.		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Recoñece e explica mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos a loita polos dereitos civís fronte á segregación racial.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Contrasta por medio de diversas fontes a caída do bloque soviético e o fin da guerra fría.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática. - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.

UD	Título da UD	Duración
11	Descolonización e neocolonialismo	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	É capaz de responder do modo satisfactorio e suficiente as causas da descolonización en Ásia, África así como a súa problemática.	PE	80
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Distingue o non aliñamento enmarcado dentro da conferencia de Bandung e analiza a independencia e o neocolonialismo empregando conceptos e métodos propios do pensamento histórico.		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Describe por medio de textos e fontes de información actuais como se produciron as primeiras independencias.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática. - Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
12	Xeopolítica no mundo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Distingue e compara por medio de fontes diversas históricas e actuais sobre cales son as superpotencias actuais e como exercen o seu poder, configurando a nova orde internacional.	PE	60
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Crítica e discusión por medio de textos históricos, fontes literarias, audiovisuais como exercen as superpotencias a súa influencia nestes últimos anos.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia. - A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións. - Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva. - Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos. - Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema.

UD	Título da UD	Duración
13	Os retos do mundo actual	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Define os novos movementos sociais, o novo contexto socioeconómico, as ideoloxías alternativas buscando información valéndose das TIC.	PE	60
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Discusión mediante diversas fontes actuais a que nos enfrontamos neste xa entrado século XXI e a que retos se enfronta o planeta e a sociedade como protagonistas indiscutibles.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural. - A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro. - Comportamento ecosocial: movementos en defensa do medio ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. - Cidadanía ética dixital: respecto pola propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación. - Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.

UD	Título da UD	Duración
14	A construción da Unión Europea	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Ser capaz de contestar nunha proba escrita de modo satisfactorio e suficiente ao proceso de construción da Unión Europea.	PE	60
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Explica por medio de producións históricas os antecedentes do proxecto europeo e os desafíos aos que se enfronta.	TI	40
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Interpreta o proxecto europeo ante os desafíos globais aos que se ten que enfrontar, por medio de fontes históricas actuais, da gran recesión económica ao conflito ucraíno.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e aos estudos posteriores.

Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de H² do Mundo Contemporáneo, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesorado á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos, textos, mapas, gráficas, estatísticas) cunha metodoloxía baseada no sistema de reconstrución, é dicir, o alumnado traballará os contidos a partir dos diversos materiais proporcionados/apuntados polo profesorado nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesorado. Con isto intentarase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe significativa.

Pola súa parte, o profesorado despregará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. O profesorado deberá buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor.

Cada unidade, secuenciada en máis ou menos sesións, iniciárase con unha pequena batería de cuestións a modo de avaliación introductoria, na que o profesor utilizará algunhas imaxes referentes á UD e fará preguntas ou reflexións nas que o alumnado participará de xeito voluntario ou aleatorio. Isto valeralle ó profesor para saber o grao de coñecementos previos e tamén para implicar ó alumnado dende o principio da UD.

A continuación seguirase a sesión explicando as diferentes láminas das que se compón a UD explicando en gran detalle todas as súas características pero sempre dun xeito interactivo, buscando a relación co xa aprendido e buscando a participación do alumnado para unha mellor asimilación e dominio dos conceptos xa aprendidos cos que se van a adquirir, contando sempre coa proxección constante de imaxes sobre todos os detalles do período artístico ou da lámina correspondente, pechando a sesión, nos últimos minutos, con un repaso sobre o visto nesa sesión.

Para poñer en práctica o dominio dos contidos básicos das Ciencias Sociais o alumnado levará a cabo traballos de investigación de maneira individual ou grupal.

No caso de que a clase non puidera ser presencial, esta se faría por videoconferencia con un deseño e desenvolvemento similar, empregando para elo plataformas como TEAMS ou Skype.

Ademáis os materiais necesarios e elaborados polo profesor depositaranse na páxina web do profesor, na aula virtual ou nun dirve creado ad hoc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto ou manual
Apuntamentos docente
Páxina Web do profesor (eldhis.es)
Aula virtual do centro
Cuestionario do alumnado
Kahoots de repaso
Presentacións interactivas por medio de apps
Material audiovisual
Gamificación
Novelas históricas, novelas gráficas

Para a práctica e desenvolvemento na aula contamos cunha grande diversidade de recursos perfectamente utilizables para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto ou manual é un apoio para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

Ademais empregárase material complementario, elaborado por docentes, que se acomode aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula. Así mesmo, o profesorado utilizará a súa propia web a través da cal pode facer propostas de traballo así como presentacións interactivas feitas por medio de apps.

O alumnado deberá cumprimentar o seu cuestionario de traballo, que será observado e avaliado polo profesorado. Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual ou da web do profesor, utilizada como repositorio de contidos avaliábeis.

As novelas históricas e gráficas serán tratadas como apoio aos contidos dunha forma lúdica. A gamificación por medio de cuestionarios (Kahoot, Quizz), daralle un punto divertido e lúdico ao ensino-aprendizaxe.

Empregaranse diferentes materiais, cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación, para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

Esta avaliación realizarase durante as primeiras sesións do curso e consistirá nunha serie de cuestión sobre os contidos da materia, usando para elo un kahoot de repaso.

A avaliación será meramente orientativa para o profesor, acerca dos coñecementos previos que o alumno puido ter adquirido no pasado e permitindo tamén concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas, que se poderán facer ao comezo de cada UD é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	9	7	5	7	9	7	8	7	10
Proba escrita	80	80	70	60	60	60	80	60	60	60
Táboa de indicadores	20	20	30	40	40	40	20	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	10	5	5	100
Proba escrita	80	60	60	60	66
Táboa de indicadores	20	40	40	40	34

Criterios de cualificación:

A avaliación consiste nun proceso sistemático e planificado de recollida de información relativa ao proceso de aprendizaxe do alumnado e a ao proceso de ensino seguido, para valorar que se cumpriron os contidos e estándares de aprendizaxe propostos. Concíbese como un proceso individualizado, cualitativo, orientador, flexible, sistemático e continuo.

Para analizar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, utilizaranse os procedementos e instrumentos de avaliación ao longo de varias fases:

-Avaliación Inicial: A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso e consistirá nunha batería de cuestións das que se van tratar durante o curso usando para elo un kahoot.

-Tres avaliacións parciais: para determinar se cada alumno vai alcanzando os obxectivos correspondentes a esa avaliación e se van desenvolvendo de maneira prevista as competencias básicas e os estándares de aprendizaxe.

Os instrumentos empregados serán:

1.-Probas escritas: (2 por avaliación e con un peso do 60% da nota final)

Responderán ao seguinte esquema.

-Preguntas curtas (4-5 puntos)

5-6 preguntas a escoller 4-5

-Exercicios prácticos (2-3 puntos)

Identificación de Personaxes históricos

Identificación de láminas de Arte

Mapas Históricos

Cadros temáticos para autocompletar

Definición de conceptos

-Cuestións a desenvolver (3 puntos)

2 Cuestións a desenvolver a escoller unha ou un comentario de texto.

-Proba diagnóstica de estudo e asimilación (2 por avaliación e con un peso do 20% da nota final)

Test de preguntas curtas (10 puntos)

50-100 preguntas sobre diferentes aspectos vistos e/ou traballados na clase ou realización dun kahoot interactivo

2.-Libro de lectura (1 exame por avaliación e con un peso do 10% da nota final)

Preguntas curtas (5 puntos)

25 preguntas, tipo test, sobre aspectos relevantes do libro

Cuestions a desenvolver (5 puntos)

4 cuestiones sobre aspectos da trama do libro

3.-Notas clase (10% da nota final)

Actividades de aula e traballos

Kahoots de repaso.

Traballos en grupo.

Observación diaria.

Videofóruns.

NOTAS:

1.-Na corrección terase en conta, ademáis cos contidos, a corrección ortográfica e gramatical e a lexibilidade e a correcta presentación.

Calquer alumno que sexa sorprendido copiando, por calquera método, recibirá a cualificación de 0.

2.-Para o redondeo terase en conta que se supere ou iguale o 0'5.

3.-Durante o curso, os alumnos, en grupos de 3 persoas, deberán presentar un traballo sobre os puntos do temario que lle correspondan mediante sorteo.

Dito traballo será pasar a formato periódico ou revista os contidos traballados en clase e, a nota que obteñan nese traballo substituirá á do exame correspondente.

Criterios de recuperación:

Cada avaliación terá a súa correspondente recuperación, e para aprobar a materia os alumnos/as deberán ter todas as avaliacións aprobadas ou que a media aritmética das tres sexa igual e/ou superior a 5.

A partires da primeira avaliación faranse probas de recuperación para todos aqueles alumnos/as que non superasen a avaliación. As devanditas probas consistirán nunca serie de cuestións e comentarios dos vistos ou traballados no desenrolo, traballo e estudo das unidades.

No caso de que en xuño, e logo das pertinentes recuperacións o alumno/a non conseguise superar satisfactoriamente a materia terá que presentarse a unha proba xeral de mínimos nas datas oficiais marcadas polo centro. En todo caso, as cuestións de dita proba estarán sacadas, novamente dos contidos vistos e traballados na clase durante o desenrolo das unidades.

RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS

Se o alumno suspende porque a media dos apartados a avaliar non lle da 5 ou a recuperación será mediante unha proba escrita.

No caso de suspender por un mal traballo, os alumnos implicados deberán facelo de novo.

GLOBAL XUÑO

Ao exame global de xuño acudirase unicamente coas avaliacións suspensas e non recuperadas durante o curso

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Aplicaranse medidas de reforzo, se o considera o docente, naqueles casos nos que se detecte que non se acadaron os obxectivos establecidos ou ben que existen dificultades que impiden o progreso do alumnado. En tal caso propoñeranse actividades que permitan unha recuperación axeitada, así como abordar os contidos de maneira diferente.

A criterio do docente correspondente poderanse indicar as actividades a realizar para mellorar a cualificación naquel alumnado que non acade o 5.

6. Medidas de atención á diversidade

As vixentes disposicións e normas indican, tamén no bacharelato, que se debe dar un tratamento específico ao alumnado que, polas súas circunstancias, o precisen e, polo tanto, facer as adaptacións curriculares necesarias.

Recoñécese a diversidade como unha característica extensible a todos os alumnos e non so a uns poucos.

A necesidade de detectar as características particulares de cada un dos alumnos farase a partires da avaliación inicial, información aportada polos titores anteriores, entrevistas coas familias, cos propios alumnos e as suxestións que nos faga chegar o DOE.

Para darmos resposta ás necesidades presentadas, prevemos as seguintes vías:

-Aplicarase reforzo educativo a aqueles alumnos que o precisaren, co emprego de modificacións nas metodoloxías, no material de traballo e, se fose necesario, na avaliación.

-Aplicarase enriquecemento curricular a aqueles alumnos cuxas características así o requiran.

En xeral, procurarase proporcionar ao alumnado, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.

- Todos os materiais empregados polo profesor durante as clases.

-Actividades voluntarias de profundización (que en determinados casos poderán ser de tipo lúdico)

De existiren alumnos que presenten TDA ou TDA-H, as medidas de atención adoptadas serán as seguintes:

-Situalos na aula en lugares que faciliten a atención e concentración nas explicacións do profesor e no traballo na aula.

-Manter o contacto visual con estes alumnos cando se lles faga algunha pregunta ou se lles comunique algunha cuestión.

-Indicar de maneira precisa, clara e sinxela, as instrucións para elaborar as diferentes actividades e comprobar que foron entendidas. Repetir, no caso de que fose necesario, esas instrucións.

-Ser concretos no que se lles pide, se fai falla individualmente.

-Botar man dalgún compañeiro co que teñan boa relación e boa conduta para que os axude a realizar actividades máis complexas.

-Comunicar ás súas familias información relativa ás tarefas diarias, deberes, datas e contidos dos exames, datas de entregas de traballos...

-No caso de distraccións ou problemas de conduta, formular normas e límites claros, a ser posible en positivo, así como as consecuencias. Pactar sinais que lles lembren esas normas e límites. De faceren as cousas ben, felicitalos e animalos a seguir así.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial	X			X				
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico		X	X		X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores				X		X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X		X				X	X
ET.8 - Creatividade	X			X		X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial					X	
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.6 - Educación emocional e en valores	X		X	X		X
ET.7 - Igualdade de xénero			X			
ET.8 - Creatividade	X		X		X	

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos.

A comunicación audiovisual será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Historia será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Viaxe cultural a París	Proporase ao alumnado de HMC para o viaxe a París plantexado para o Bacharelato, podendo así visitar lugares especialmente relevantes da Revolución Francesa, así como outros lugares de índole cultural e musical

Observacións:

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

Estas actividades están definidas a través de tres fases:

- Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondiente.
- Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.
- Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realiza avaliación inicial
Demostra o coñecemento da materia
Planifica, ensina e avalía
Avalía según os criterios de avaliación da programación

Emprega unha grande variedade de recursos
Consigue motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras
As explicacións son axeitadas ao grupo clase
Ofrece posibilidades de recuperación
Atende e resolve as dúbidas
A práctica docente é innovadora
Revisa a realización das tarefas
Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empregáanse diferentes instrumentos de avaliación

Descrición:

A práctica do proceso do ensino e a práctica docente realizárase por medio de rúbricas e táboas con niveis de indicadores de logro cunha escala de valoración que irá de Aceptable, Boa e Mellorable. Este cuestionario-rúbrica será proporcionado ao alumnado ao finalizar cada avaliación. Para a valoración do proceso de ensino, dispórase dun cuestionario de autoavaliación sobre a programación cos indicadores de logro que serán valorados nunha escala de 1 a 10.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que imparten as diversas materias e nas reunións mensuais do departamento.

Nas reunións de departamento se analizará o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso.

Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudo propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos

un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.

- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

9. Outros apartados